

RÚBRICA PARA A CUALIFICACIÓN DA SEGUNDA PARTE DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AXENTES DE IGUALDADE

Fundamentación / xustificación (máximo 4 puntos)

Xustificación da necesidade da intervención (máx. 2 puntos)	
0	Non existe xustificación da necesidade da intervención a través do proxecto
0,5	Xustifica/fundamenta o proxecto partindo dunha análise da realidade do concello de Rianxo
1	Xustifica/fundamenta o proxecto partindo dunha análise documental da realidade do concello de Rianxo e das supostas necesidades das persoas destinatarias
1,5	Xustifica/fundamenta o proxecto partindo dunha análise da realidade do concello de Rianxo e dunha análise participativa das necesidades das persoas destinatarias
2	Xustifica/fundamenta o proxecto partindo dunha análise da realidade do concello de Rianxo e dunha análise participativa das necesidades das persoas destinatarias e fai referencia ao tecido/rede social que trata de favorecer
Fundamentación teórica (máx. 1 punto)	
0	Non hai referencias teóricas nen bibliográficas
0,5	Hai referencias teóricas e/ou bibliográficas
1	Hai referencias teóricas e bibliográficas relacionadas coa temática proposta
Fundamentación normativa (máx. 1 punto)	
0	Non fai referencia á normativa
0,5	Refire normativa xeral (europea, estatal)
1	Refire normativa xeral e específica (europea, estatal, autonómica, local)

Obxectivos (máximo 4 puntos)

0	Non contempla obxectivos
1	Contempla obxectivo/s xerais ou específicos pero non ambos
2	Contempla obxectivo/s xerais e específicos pero non están relacionados
3	Contempla obxectivo/s xerais e específicos parcialmente relacionados
4	Contempla obxectivo/s xerais e específicos perfectamente relacionados

Persoas destinatarias (máx. 2 puntos)

0	Non nomea persoas destinatarias da intervención
0,5	Nomea unicamente persoas destinatarias directas
1	Nomea ás persoas destinatarias directas e indirectas
1,5	Nomea unicamente persoas destinatarias directas describindoas e/ou xustificándooas como grupo
2	Nomea persoas destinatarias directas e indirectas describindoas e/ou xustificándooas como grupo

Metodoloxía (máx. 5 puntos)

0	Non determina a metodoloxía para levar a cabo o proxecto
2	Establece unha metodoloxía xeral sen especificar nen facer referencias á intervención proposta
3	Establece unha metodoloxía xeral referida parcialmente á intervención proposta
5	Establece principios xerais de intervención que axusta á proposta presentada

Actividades (máx.3 puntos)

0	Non fai referencia ás actividades
0,5	Determina actividades non vinculadas aos obxectivos específicos propostos
1	Determina actividades vinculadas parcialmente aos obxectivos específicos propostos
2	Determina actividades coherentes con algúns dos obxectivos específicos propostos
3	Determina actividades coherentes con todos obxectivos específicos propostos

Recursos (máx.3 puntos)

0	Non fai referencia aos recursos
1	Refire recursos en xeral sen categorizar
2	Categoriza diferentes recursos e son parcialmente coherentes coa proposta de actividades
3	Categoriza diferentes recursos e son coherentes coa proposta de actividades

Temporalización (máx. 2 puntos)

0	Non fai referencia á temporalización
0,5	Refire unha temporalización parcialmente coherente coa proposta presentada
1,75	Refire unha temporalización coherente coa proposta presentada
2	Refire unha temporalización coherente coa proposta presentada acompañada dun cronograma

Avaliación (máx. 5 puntos)

0	Non fai referencia á avaliación
0,25	Fai referencia xeral á avaliación, sen determinar momentos para levala a cabo e sen falar de técnicas nen instrumentos
0,5	Fai referencia xeral á avaliación, sen determinar momentos para levala a cabo referindo técnicas e/ou instrumentos
1	Refire avaliación inicial, procesual e final sen determinar técnicas nen instrumentos
2	Refire avaliación inicial, procesual e final determinando técnicas e/ou instrumentos
3,5	Refire avaliación inicial, procesual e final determinando técnicas e instrumentos parcialmente coherentes coa proposta
4,5	Refire avaliación inicial, procesual e final determinando técnicas e instrumentos coherentes coa proposta
5	Refire avaliación inicial, procesual e final determinando técnicas e instrumentos coherentes coa proposta, facendo referencia ademais ao informe final e/ou a avaliación de impacto.

Aspectos formais (ata 2 puntos)

0,7	Coherencia no desenvolvemento
0,3	Emprego de vocabulario técnico
1	Emprego de linguaxe inclusiva